



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

DONA ANA MARÍA ARES ÁLVAREZ, SECRETARIA DO CONCELLO DE PADRÓN (A CORUÑA),

CERTIFICO: Que, de acordo aos datos que constan nesta secretaría ao meu cargo, a Xunta de Goberno Local deste Concello na sesión Ordinaria realizada o martes 28 de maio de 2024 aprobou a seguinte proposta:

<< ÚNICA MOCIÓN DE URXENCIA: ESTABLECEMENTO DE PREZO PÚBLICO POR EXPEDICIÓN DE CREDENCIAL DE PEDRONÍA.

Antecedentes administrativos:

Primeiro: Dentro das competencias municipais, que se recollen no artigo 25 da Lei de Bases do Réxime Local, atópase a competencia en materia de turismo (artigo 25.2m LBRL)

Así, dende a Concellería de Turismo séguese a implantar o proxecto turístico-cultural cuxo obxectivo fundamental é a promoción do rico patrimonio histórico-artístico e cultural que posúe o Concello de Padrón e a súa posta en valor dende o punto de vista turístico.

No marco deste proxecto, encádrase a prestación dun servizo de expedición de Pedronías para que os peregrinos e todas aquelas persoas que así o desexen poidan realizar un percorrido para Peregrinar por Padrón:

Dende o ano 2010 o Concello de Padrón concede o diploma da "Pedronía", unha credencial propia na lembranza do desembarco do corpo do Apóstolo nestas terras e da antiga tradición xacobe medieval segundo a cal os peregrinos, tras visitar a tumba do Apóstolo en Santiago de Compostela, peregrinaban Padrón para coñecer o punto sagrado de desembarque do seu corpo.

Para a obtención da Pedronía

É preciso realizar algunha das seguintes rutas de peregrinación:

- O camiño de Santiago de Compostela a Padrón
- Un camiño desde calquera localidade da Ría de Arousa a Padrón (vía marítima –fluvial) ou o Camiño Portugués
- Un camiño desde calquera concello distante de Padrón un mínimo de 18 km.

Non obstante, o establecemento deste servizo non implica que o mesmo deba ser gratuito para os usuarios, senón que para unha mellor calidade do servizo e a mellor eficacia e eficiencia na aplicación dos fondos públicos, esíxese que, cando menos, unha parte do custe do mesmo sexa financiado polos usuarios.

Polo que para a expedición da Pedronía:

1. Obter a credencial. Pódese descargar e imprimir a "CREDENCIAL DA PEDRONIA ". Tamén pode solicitar esta documentación na oficina de turismo de Padrón. (IMPORTANTE: Se xa es peregrino é suficiente a túa credencial do Camiño de Santiago)
2. Cubrir os datos persoais e selar a credencial no concello de saída.
3. Á chegada a Padrón, selar a credencial na igrexa de Santiago de Padrón, ou na igrexa de Santa María a Maior de Iria Flavia.
4. É recomendable visitar todos os lugares xacobeos: o Pedrón e a igrexa de Santiago de Padrón; a fonte do Carme, coa representación da Traslatio e do bautismo da raíña Lupa; e Santiaguíño do Monte,

identificado como o lugar onde o Apóstolo predicaba e se agochaba dos seus perseguidores e a igrexa de Santa María de Iria Flavia, antiga sé episcopal.

5. Solicitar o diploma da Pedronía na oficina de turismo, no albergue municipal de peregrinos.

Segundo: Esta actividade está coordinada polo Departamento de Turismo.

Terceiro: Coa finalidade de que nos servizos que xestionan o Albergue municipal e a oficina de turismo, lugares nos que se expide a Pedronía, non se vexan saturados por solicitudes das mesmas, e poder ofertar unha proposta asequible para a maior parte da poboación, trátase de establecer un prezo público, que poida dar cobertura ao citado servizo, e solicítouse o preceptivo estudo de custos e informe da intervención municipal ao respecto.

Cuarto: Emítase estudo de custos e informe da intervención municipal de fiscalización do Prezo Público.

Fundamentos de Dereito.

Primeiro. Artigo 80 da lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Segundo. Considerando que na Ordenanza Reguladora do Prezo Público por actividades culturais, deportivas e sociais no seu artigo 4 recolle que "o establecemento e contía do prezo público será a que fixe en cada caso a Xunta de Goberno Local por delegación do Pleno da Corporación, dacordo co artigo 47 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais".

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Aprobar o establecemento do prezo público no servizo "expedición da Credencial da Pedronía"; a razón de 2 euros por solicitante, con depósito previo.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro: Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o señor Alcalde.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.>>

E para que conste expido a presente, de orde e co visto e prace do señor Alcalde, para os efectos da súa constancia no expediente e en cumprimento do establecido no artigo 206 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, fago a advertencia de que a acta que a contén non está aprobada a día de hoxe, facéndose a certificación a reserva dos termos que resulten da súa aprobación.

(documento asinado dixitalmente pola Secretaria Ana María Ares Álvarez e o Alcalde Anxo Rei Arca)